



A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

Ten o pracer de convidar a vostede ao
acto de celebración do
Día da Muller Investigadora:

MULLERES Á CABEZA

Que terá lugar o vindeiro **martes, 7 de marzo, ás 19:00 horas**, no Auditorio do **Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)**, en Santiago de Compostela.

Programa do acto:

- I. Apertura polo Director Xeral de I+D+I, Salustiano Mato de la Iglesia, e a Secretaria Xeral de Igualdade, M^a do Carme Adán Villamarín
- II. Presentación do filme polo seu realizador, Hervé Nisic.
- III. Estrea no Estado Español do filme documental *Femmes de tête* (Mulleres Científicas), traducido ao galego co financiamento da Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria. O filme fai un percorrido pola situación das científicas en Europa a través dos testemuños de biólogas, matemáticas, físicas e astrofísicas que traballan a alto nivel.
- IV. Mesa redonda sobre a situación da muller na ciencia en Galicia. Moderará o debate Margarita Ledo Andión, catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e intervirán: Eulalia Pérez Sedeño, catedrática de Lóxica e Filosofía da Ciencia e Vicepresidenta da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT); Concepción Herrero López, Vicerreitora de Investigación da Universidade da Coruña; Irene Fernández Piñeiro, doutora en Química pola USC e investigadora no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (CSIC) e Coral del Río Otero, doutora en Economía e profesora de Economía Aplicada na Universidade de Vigo.

Durante o tempo que dure o acto e de xeito paralelo, celebrarase un obradoiro infantil sobre o mesmo tema.

Pregamos que nos confirme a súa asistencia, así como se virá acompañad@ de nen@s que desexen participar no obradoiro (número e idade dos nenos):
981 541 082 / prensa_sxid@sxid.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación